

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DE 2020

Ás 11:00 horas do día 16 de novembro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 11 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 1 e 11b)
D. Gilberto Moldes Crespo, vogal xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste ao punto 11a)
D. José Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste ao punto 2c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, entrégase o informe asinado o 11 de novembro de 2020 polo xefe do Servizo de Administración Electrónica e o programador informático en relación co cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor esixidos no apartado 6A no Anexo I -FEC- do PCAP de todos os licitadores presentados a esta licitación.

Entrégase, así mesmo, entrégase informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes de data 11 de novembro de 2020 en relación coa nova valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor á vista do informe anterior.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:23	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-E2B884-81B9B8-2QQCRV-U3B789-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa acepta os anteriores informes e acorda continuar coa tramitación do expediente sen necesidade de retrotraer actuacións, dado que a nova orde de clasificación das proposicións non varía en absoluto respecto da clasificación aprobada o 5 de outubro de 2020, polo que a retroacción de actuacións resultaría inútil e artificiosa. O principio de economía procesal pugna contra calquera retroacción de actuacións das que non se derivaría alteración do sentido do acto impugnado (Sentencia do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do 23 de febreiro de 2012).

Para os efectos de dar contestación ao escrito presentado por INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L. o 29 de outubro de 2020, daráselle traslado dos informes aceptados que se publicarán, igualmente, no perfil de contratante.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
5. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
6. COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
7. EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
8. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
9. NAROM, S.L.
10. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
11. ORECO, S.A.U.
12. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

b) Outorgar un prazo de tres días á UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:23	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-E2B884-81B9B8-2QQCRV-U3B789-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación; concretamente deberá presentar o anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado por SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. (cláusula 14).

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CIVIS GLOBAL, S.L.U.
 2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
 3. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
 4. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 5. CONSTRUCCIONES OREGA
 6. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 7. EXTRACO, S.A.
 8. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
 9. ORECO, S.A.U.
 10. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 11. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 12. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación mixta dunha exposición belenística durante as campañas do Nadal 2020-2021 e 2021-2022 na Casa das Artes de Vigo (7.161-106)

Retírase da orde do día porque está en tramitación a decisión de non adxudicar este contrato a proposta do Servizo de Comercio.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo a un dos licitadores para poder emendar a documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:23	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-E2B884-81B9B8-2QQCRV-U3B789-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Taboada Leal, entre a rúa ronda de Don Bosco e a rúa Venezuela" (628-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de setembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada do contrato de subministro de especies vexetais, así como o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 20 de febreiro de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 17 de xullo de 2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 270.000,00€, que inclúe un IVE de 24.454,45€, o cal se imputará á partida 1710.2100004 "Adquisición de arborado e arbustos", que se distribuirá en catro anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

Ano	Importe
2020	30,000.00 €



Ano	Importe
2021	80,000.00 €
2022	80,000.00 €
2023	80,000.00 €

TERCEIRO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista*”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de novembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446) na seguinte orde descendente:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	100,00
2	VERALEZA, S.L.U.	95,29
3	PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	48,42
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	25,26

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (**. *23.31*), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, o día 3 de novembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 6, 10 e 11 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula asinado o 23 e 26 de outubro de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adjudicar a D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA (**.*23.31*) o procedemento aberto para a contratación do subministro de especies vexetais (13.862-446) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do contrato é de 270.000,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.454,45 euros, cunha baixa proporcional única do 10,50 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados na cláusula 2 do PPT.*
- b) *Propón unha redución no prazo de entrega dos materiais a subministrar sobre o mínimo esixido no apartado 5 do PPT (10 días) de 7 días.*
- c) *Propón os seguintes incrementos dos prazos mínimos de garantía sinalados no apartado 11 do PCAP:*
 - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo I Arborado (4 meses) en 60 días.*
 - *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo II*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:23	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-E2B884-81B9B8-2QQCRV-U3B789-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Arbustivas (3 meses) en 30 días.

- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo III Planas varias (2 meses) en 20 días.*
- *Incrementa o prazo mínimo de garantía esixido para o Grupo IV Planta de tempada (1 mes) en 10 días.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

Lémbrese aos membros da Mesa que na sesión do 30 de outubro se comprobou a documentación presentada o 26 de outubro polo licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, S.L., e acordou que esta non era correcta, se ben á vista do escrito presentado por INTEGRA MANTEMENTO XESTION E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO-GALICIA, S.L., se acordou non continuar coa tramitación do procedemento e solicitar informe ao servizo xestor sobre as comprobacións pertinentes. Resolto este asunto no punto 1a) desta acta, a Mesa acorda conceder un prazo de tres días a UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, S.L. para que poida presenta a seguinte documentación:

- Anexo IV ao PCAP esixido na cláusula 24 (nomeamento de delegado e acordo de confidencialidade)
- Documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional esixida no apartado 5 do Anexo I ao PCAP e cláusula 8.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 12:23	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAC4E-E2B884-81B9B8-2QQCRV-U3B789-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		